



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA A CONSERVACION, MANTEMENTO E COLABORACIÓN NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO BORDO INTERIOR DO PORTO DO SON.

Santiago de Compostela, a 11 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente da entidade pública empresarial Portos de Galicia Portos de Galicia (en adiante EPE Portos de Galicia), con domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, de 15707 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Doutra parte, Luis Oujo Pouso alcalde-presidente do Concello de Porto do Son, con domicilio aos efectos deste convenio na Rúa Atalaia, 15970 Porto do Son, A Coruña de Porto do Son, facultado para este acto en virtude das competencias que lle reconece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes reconécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

A EPE Portos de Galicia ten como obxectivos básicos, segundo o artigo 8 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións nos termos previstos na Lei citada.

Á vista deses obxectivos, esta entidade pública contratou nos anos 2001 e 2003 a execución das obras definidas nos proxectos de “Urbanización da dársena do porto do Son” e “Urbanización no porto do Son (Fase 2), obras que se atopan xa rematadas e en uso polos usuarios do porto; así mesmo, os servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, acometeron a redacción dun novo proxecto básico de “Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son”, que integra no seu ámbito de actuación aos dous proxectos antes citados, cun orzamento base de licitación previsto de 3.970.333,04 euros cun I.V.E. de 833.769,94, e que esta entidade pretende licitar para promove-la súa execución.

As actuacións xa acometidas e rematadas dos dous primeiros proxectos, e por desenvolver do terceiro, comprenden a reordenación das zonas de tráfico rodado e aparcamento, o que inclúe tamén actuacións sobre a estrada de acceso ao porto de titularidade autonómica, a renovación de firmes e pavimentos, o amoblamento urbano da zona de actuación, con bancos, papeleiras, unidades de contedores para a recollida selectiva de lixo, morróns para restrinxir-lo acceso a vehículos, e o axardinamento e instalación de redes de abastecemento de auga, evacuación de augas pluviais e alumeado público urbano.



Igualmente, entre as actuacións previstas no proxecto de “Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son”, directamente vinculadas ao que constitúe un obxectivo prioritario para esta entidade pública cal é o de fomento das actividades náuticas, se contempla a execución dun edificio para servizos náuticos que tamén se integra no convenio.

O espazo portuario sobre o que se desenvolven eses proxectos, constitúe unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario sobre unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante do Concello de Porto do Son, servindo así de solución de continuidade entre a poboación e o porto cun uso fundamentalmente aberto ao público, ao mesmo tempo que dota ao porto cunha instalación destinada a usos náuticos, de especial interese nunha vila cunha eminente vocación turística e de servizos.

Polo tanto, a totalidade das obras que se integran no proxecto, revertsén positivamente tanto na EPE Portos de Galicia como no Concello de Porto do Son, polo que ámbalas dúas Administracións acordan regular as súas relacións en canto á execución, conservación, mantemento das obras do proxecto de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son» e explotación do edificio de servizos, e formalizan o presente convenio, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.-

O obxecto do presente Convenio consiste en regular as bases da colaboración entre o Concello de Porto do Son e a EPE Portos de Galicia no que atinxe á execución, conservación, mantemento das obras do proxecto de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son» e explotación do edificio de servizos.

2

A delimitación da superficie que queda afectada polo presente convenio se reflicte en plano anexo ao presente convenio.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PORTO DO SON.-

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Porto do Son obrígase a:

1.- Afectar a favor da EPE Portos de Galicia, coa aprobación da correspondente mutación demanial, os terreos de titularidade municipal de 2.386,71 m² que se reflicten no plano anexo a este convenio e que son necesarios para a execución das obras do proxecto de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son», que quedarán afectados ao servizo público portuario de Porto do Son.

Os terreos que son obxecto da afectación indicados non estarán suxeitos a carga nin gravame ningún e disporán do réxime urbanístico axeitado para a execución do proxecto «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son».

2.- Autorizar a execución de obras sobre unha superficie de 1.409,53 m² segundo se reflicte en plano anexo, correspondente a terreos de titularidade municipal e que manterán dita condición, pero que resultan afectados polo proxecto de



«Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son» co obxectivo de dotar a este da necesaria coherencia e continuidade en canto a accesos e acabados.

3.- Levar a cabo as xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras.

4.- No que atinxe ao edificio de servizos náuticos integrado no proxecto de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son», o Concello, ademais de asumir as obrigas xenéricas que se recollen no seguinte apartado 6, deberá de cumprir co previsto na cláusula Terceira deste convenio.

5.- O Concello de Porto do Son asume o custo da conservación, mantemento, reparación, limpeza, e no seu caso, mellora e reposición das obras e instalacións de servizos dentro do ámbito do proxecto de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son», que se reflicten no plano adxunto a este Convenio, e a licitación, contratación e execución dos traballos necesarios para tal efecto.

Ademais de manter en axeitadas condicións de limpeza, hixiene e ornato (incluíndo a reposición dos elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados), as obras realizadas, o Concello deberá asumir os custos derivados do funcionamento dos diferentes servizos urbanos (abastecemento de auga, enerxía eléctrica, recollida de refugалlos sólidos urbanos, etc.).

6.- Prestar auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións portuarias obxecto do presente convenio, denunciando ante a entidade pública as posibles infraccións administrativas, sen que isto implique cesión de competencias ou patrimonial de ningún tipo

3

7.- Unha vez rematadas as obras de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son», a EPE Portos de Galicia comunicará ao Concello de Porto do Son a recepción das mesmas. Tal comunicación significará o nacemento automático das obrigas asumidas polo Concello neste Convenio. A tal efecto a recepción sen protesta da devandita comunicación supón o recoñecemento do bo estado das obras.

En función do ritmo de execución das obras, poderá procederse a recepcións parciais das mesmas cos mesmos efectos que se recollen no parágrafo precedente.

Calquera obra de reparación, conservación, mellora ou reposición que o Concello de Porto do Son pretenda levar a cabo na obra, esixirá a conformidade previa da EPE Portos de Galicia.

A intervención do Concello de Porto do Son nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia, nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio.

En virtude deste convenio, os terreos de titularidade municipal que se mencionan no apartado 1 desta cláusula, que se adscriben a de Portos de Galicia, que acepta a adscripción, quedarán afectados ao servizo público portuario integrados de pleno dereito no



patrimonio propio de Portos de Galicia, ao abeiro do previsto nos artigos 71 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas e 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 23 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia. A adscrición acadará plena eficacia co levantamento da acta de comprobación do replanteo das obras co contratista conforme ao artigo 236 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Para tal efecto, a dito acto comparecerá un representante do Concello de Porto do Son.

TERCEIRA. EDIFICIO DE SERVIZOS.

1. O edificio de servizos previsto no proxecto de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son», que se integra no presente convenio, ocupa unha superficie total de zona de servizo do porto prevista como uso complementario, de 635 m², incluíndo a superficie construída interior e os voos.

2. O uso exclusivo ao que se destinará o edificio, é o de servizos náuticos e usos que teñan o carácter de complementarios ou auxiliares destes.

3. O Concello de Porto do Son, aboará pola ocupación do edificio, e de se-lo caso polo desenvolvemento de actividades, comerciais, industriais e de servizos as seguintes taxas:

- a) Taxa por ocupación do dominio público portuario, conforme ao disposto para a esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Aboarase por semestres adiantados a partir do día seguinte á data de entrega da edificación.

O concesionario aboará por este concepto as cantidades anuais seguintes para o ano 2018:

- 2,45 euros por metro cadrado e ano na zona IEAs, polo terreo ocupado pola edificación, sobre unha superficie de 635 m².

Estes valores se corresponden co ano 2018 e serán susceptibles de actualización anual en base a variación do IPC.

b) Taxa por ocupación de obras e instalacións (edificio)

- 55.623,10 € ano pola ocupación de obras e instalacións, correspondendo dentro desta cantidade 17.942,93 euros ao valor da depreciación anual asignada.

Será de aplicación a exención da taxa tanto na letra a) como b), total ou parcialmente ao ámbito concesional, en aplicación do artigo 40.j) da Lei 6/2003 de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando o concello achegue certificación relativa a que no ámbito da concesión, realice directamente polo concello, unicamente actividades encadradas dentro das súas finalidades públicas e estas non son obxecto de explotación económica. No seu defecto o concello poderá solicitar as bonificacións descritas no artigo 40.d) ou o 40. g) da Lei 6/2003, por desenvolver actividades de interese social ou cultural, ou por desenvolver actividades de ensinanza deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais sen explotación económica nos espazos que sexa de aplicación.

No seu caso o Concello deberá achegar solicitude de bonificación/exención e certificación que acredite os extremos indicados nos citados artigos, segundo sexa o caso.



A aplicación das exencións ou bonificacións no seu caso, quedan supeditadas ao mantemento dos supostos que as fan aplicables segundo o disposto na lexislación vixente. Portos de Galicia poderá requirir a súa xustificación en calquera momento do período de vixencia do convenio.

c) De se-lo caso, taxa polo desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e de servizos, conforme ao disposto para a esta taxa na sub alínea 03, da alínea 99 do anexo 3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- O concesionario aboará por este concepto entre o 1%-2% do importe neto da cifra anual de negocio desenvolvida na instalación, en función das actividades realizadas. A liquidación desta taxa realizarase anualmente.

O Concello estará exento do aboamento desta taxa sempre e cando achegue certificación indicativa da non explotación económica das instalacións.

O Concello de Porto do Son, ostentará en todo caso a condición de suxeito pasivo das taxas mencionadas nos apartados a) e b), e será responsable directo ou en todo caso subsidiario no caso de intervir un terceiro, do aboamento da taxa mencionada no apartado c).

4. A cesión ou cesións para o uso e explotación parcial da instalación por parte de terceiros que o Concello efectúe sobre a base da normativa aplicable ás Corporacións Locais, deberán de ser previa e preceptivamente autorizada pola EPE Portos de Galicia, e sen que ditas cesións afecten ao réxime de responsabilidades que se recollen na cláusula sétima deste convenio.

5. Ao marxe das obras de reparación e conservación da instalación, calquera obra de modificación ou ampliación que pretenda realizar o Concello durante a vixencia do convenio, deberá de ser autorizada previamente por Portos de Galicia.

5

CUARTA. COMPROMISOS DA EPE PORTOS DE GALICIA.-

A EPE Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- A licitación, contratación, dirección e execución das obras de «Acondicionamento do bordo interior de Porto do Son», que se recollen no proxecto básico de xuño de 2018.

O orzamento total do proxecto construtivo, supón un investimento de 3.977.022,27 euros, sen IVE, -ascendendo este imposto a 835.174,67-, con cargo aos orzamentos da EPE Portos de Galicia, e, sobre a base do establecido no artigo 12 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia e n'co artigo 58 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, e para os efectos do previsto na disposición adicional segunda da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e do Goberno de Galicia, o gasto plurianual estará distribuído na seguintes anualidades sen I.V.E.:

Exercicio 2019: 1.000.000 euros.

Exercicio 2020: 2.500.000 euros.

Exercicio 2021: 477.022,27 euros.



2.- A autorización ao Concello para a intervención nos terreos e ocupación do edificio que se integran nas obras xa rematada de acondicionamento do bordo interior do porto de Son para, que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

3.- Destinar os bens de titularidade municipal descritos no plano anexo a este convenio, obxecto de afectación a favor da EPE Portos de Galicia ao servizo público portuario do porto de Porto do Son.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días a contar dende a data de asinamento deste convenio, creárase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo aquelas actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente da EPE Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais, dous nomeados polo Concello de Porto do Son, e dous nomeados pola EPE Portos de Galicia.

6

A este respecto, o nomeamento da EPE Portos de Galicia recae no Xefe da Área de Infraestruturas e na Xefa da Zona Centro.

SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas, cumprir coas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio; deste xeito, a subscripción do convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta destas desenvolvan as actividades obxecto do convenio, excluindo a posibilidade de esixir responsabilidades directas, indirectas ou subsidiarias polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

1.- Fronte a terceiros: Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, a EPE Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son responderán solidariamente dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.



2.- A responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Ao abeiro do dito artigo 33.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Porto do Son terá a consideración de interesado nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

OITAVA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior, o Concello de Porto do Son e a EPE Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

NOVENA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia da EPE Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción do convenio:

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa conlevará a indemnización dos prexuízos causados, que taxaranse contraditoriamente polas partes.



- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

3.- No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

- Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar.
- De calquera xeito, e de selo caso, o concello de Porto do Son antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións de operatividade en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección.
- No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas por causa imputable ao Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.
- En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.
- O Concello de Porto do Son resolverá a mutación demanial acordada a favor de Portos de Galicia, cesando a afectación dos bens de titularidade municipal ao servizo público portuario coa subscripción da correspondente acta.

8

4.- Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

DÉCIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e supletoriamente polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no artigo 4 da antedita lei, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, que poderá ser obxecto dunha prórroga por un prazo de cinco anos máis.



No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula Novena.

DUODÉCIMA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O PRESIDENTE DA EPE PORTOS DE GALICIA -José Juan Duran Hermida-	O ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON -Luís Oujo Pouso-
---	---